

MEMORIA HISTÓRICA DE CANGAS 3.4

ENTREVISTA A LOLA RODAL



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_SaVi_0071_000_en_0_00_00_id523_D

AUDIO DE REFERENCIA: MPG_SaVi_0071_000_en_0_00_00_id523

TIPO DE DOCUMENTO: ENTREVISTA

RESUMO / DESCRICIÓN

Esta ficha recolle a cuarta e última parte dunha entrevista realizada a Lola Rodal Blanco por unha traballadora do Centro de Documentación de Historia Local de Cangas. Ao principio da entrevista, Lola continúa a falar da represión en Cangas tralo alzamento militar de 1936, centrándose no caso de varios líderes políticos e sindicais asasinados, entre os que se atopan os coñecidos como “mártires de Angueiro”. Despois fala do orfeón de Cangas durante a II República e canta algunha das súas coplas

DATOS DA ENTREVISTA

- **DATA DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 11/12/ 1999
- **INFORMANTE:**
Nome: Lola Rodal Blanco
Idade no momento da recollida: 78 anos
Lugar e data de nacemento: Cangas, 03/03/1921
- **RECOLLEDOR:** Centro de Documentación de Historia Local (CDHL). Nome da entrevistadora descoñecido.
- **COMPILADOR:** Iago Santos Castroviejo
- **COLECCIÓN:** SaVi
- **LOCALIZACIÓN ONDE SE FAI A ENTREVISTA:**
Lugar: Cangas
Concello: Cangas
Provincia: Pontevedra
País: Galicia



NOTAS DA TRANSCRICIÓN

Transcritora: traballadora do Centro de Documentación de Historia Local (CDHL).
Nome da persoa descoñecido. Revisión do APOI

A informante posúe un marcado acento da costa pontevedresa e emprega a gheada e o seseo. Tamén son frecuentes os castelanismos e os localismos.

A transcripción fíxose respectando a pronuncia da persoa. Nos casos en que determinadas palabras ou expresións poidan xerar confusión, estas van acompañadas dunha nota a pé de páxina para aclarar o seu significado. Porén, para non entorpecer a lectura con aclaracións constantes, moitas palabras e expresións coloquiais transcríbense tal cual foron ditas e sen ningún tipo de aclaración.

As partes do texto onde aparecen puntos suspensivos pechados por parénteses “(...)” son inintelixibles e non se puideron transcribir. Os parénteses “()” indican expresións xestuais da informante e os corchetes “[]” indican aclaracións da transcritora.

PALABRAS CHAVE

Cangas , Aldán, Guerra Civil , represión , Falanxe , falanxista , Lorenzo Corbacho Rodal , sindicato , Alianza Mariñeira , mártires de Angueiro , II República , canción , coro , orfeón , copla , comparsa

REVISIÓN DA TRANSCRICIÓN E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara
Santalla Iglesias

NOTA: Esta entrevista é a cuarta parte dunha entrevista completa. A primeira, segunda e terceira partes pódense atopar nos seguintes rexistros do APOI:

Memoria Histórica de Cangas 3.1. Entrevista a Lola Rodal
MPG_SaVi_0069_000_en_0_00_00_id521

Memoria Histórica de Cangas 3.2. Entrevista a Lola Rodal
MPG_SaVi_0096_000_en_0_00_00_id536

Memoria Histórica de Cangas 3.3. Entrevista a Lola Rodal
MPG_SaVi_0070_000_en_0_00_00_id522

TRANSCRICIÓN



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

LRB.- (...) meu irmán todo lle enseñaba; e viña moitas veces comer con ela aquí á nosa casa (...). E sabes o que dixo? “Ai, que estades en Cangas”. Ao outro matáronllo – que era un santo de Dios- ; pero a este, cada pedaciño había ser así se está en Cangas ese..

P.- Oiuno usté dicir?

LRB.- Hai xente que mo dixo. “Ese, cada pedaciño vai para o [xuíz]”; porque meu irmán xa lle enseñaba os dentes. Xa daquela ¿entendes? Porque tiñan barcos, eran uns explotadores. Entonces meu irmán claro, xa lle non lle ghustaba. “ Ese se está en Cangas, cada pedaciño deles...”

P.- (...) acusar a alguén en concreto?

LRB.- Despois xa non (...) casouse e tiña a farmacia en Vigo. Alí vivía a nai, cun irmán que era cura que estaba no Hío, outro irmán que era cura que estaba en Aldán, unha hermana¹ maestra que estaba no Hío, dúas máis solteironas - unha que estaba coas monxas - ; bueno, eran unha chea de xente, eran polo menos doce fillos ou catorce. Era unha camada toda... E despois (...) veu esta caso toda (...). Era unha calle seguida; era unha casa como un cuartel. Entonces vivían atrás, e adiante tiñan a praza donde estaba a farmacia; entonces cando era para ir a prender, para ir a levar, para ir a peghar, para ir... Todo se fraguaba aí.

Entonces o irmán maior; Valentín e mais Jesús Pesqueite - que morreu a chillidos; oíanse os ghritos desde a carretera - : “Aí os veñen; aí que veñen a coller, (...) aí diosmío...” así, todo así... Entonces claro, a nai era una muller muy conocida, mui aquelada, tiña atadeiras porque tiña un barco que se chamaba Valentín; un barco fuerte, grande, de máquina... e tiña atadeiras, tiña cousas e tal...; esta que foi despois criada de Moldes ca miña nai, tamén paraba nesa casa. Entonces claro (baixa a voz) á noite chegharon os falangistas... falangistas forasteiros, muitos! E: “parai aquí. Parar e tumba e dalle” – e a nai estaba durmida, estaba durmindo na habitación – “nada, a este hai que matalo, a este hai que levalo, a este hai que matalo”. E dicíalle a nai: Ai, Valentinciño, meu filliño! Matar non, non matar; prendelo, non matar.

P.- E por que non lles deixaron?

LRB.- Porque mataron todo (...); mataron en Vigo, mataron en Moaña, mataron en todos os sitios. Os dalá vin p’acá e os d’acá van p’alá. E un tal Chingolo, tamén; non me sale o nome, sáleme Chingolo, d’alá da ría de Pontevedra, un gholfo e un vagamundo que anduvo (...) e meteuse a falangista e dábanlle un sueldo e vivía. E máis un tal Crisanto, tamén que era xastre. Eses eran doutros lados e viñan pa Cangas; non eran fillos de Cangas.

P.- Entón, os primeiros que morreron do bando republicano aquí en Cangas, quen foron?

LRB.- Manolito Piñeiro. E dispois os 11 de Angueira, e dispois tamén Corbacho – dispois dos Angueiro, ou antes? Xa non me acorda -. Mataron a Corbacho, mataron a

¹ En adiante hermana = irmá



Pitiscado, Alejandro Rodal, Emilio Rodal; ese gholpeárono aí donde estaba a Falange, donde está ese banco agora, que había dúas chabolas ghrandes; aí era a Falange; entonces – xa estovo preso antes que meu pai, ese home -,sacárono do Instituto - onde é a Casa do Mar - levárono, gholpeárono, gholpeárono... era secretario da Alianza dos mariñeiros.

P.- Estaba de presidente Piñeiro?

LRB.- Antes de Manolo Piñeiro: Manolo Piñeiro foi despois, cando as mulleres se quixeron asociar; Manolo Piñeiro non era dos homes, era das mulleres. Decía el: “Que vergüenza! las mujeres trabajando de sol a sol aquí. No asociarse, no tener un sindicato las mujeres como hay en Vigo”.

P.- El en que traballaba?

LRB.- El viñera de Buenos Aires, e estaba empleado no xuzghado, era escribiente do xuzghado. O pai tamén era. Era unha bella persona.

P.- Entón Emilio Rodal estaba de secretario da Alianza. E o presidente entón quen era?

LRB.- Era el o presidente, e un tal Corbacho, que era o presidente dos canteiros... Lorenzo Corbacho. A eses machacáronos unha noite tras outra e despois leváronos e...

P.- Pero de un en un ou...?

LRB. No, no, no. Foi un por un. E zapateáronos alá onde era a Borna, antes de chegar

P.- Entón primeiro foi Manolo Piñeiro, despois os 11, despois Emilio Rodal e despois Corbacho.

LRB.-En Aldán tamén; había xente da Aldán aquí presa. En Aldán tamén lle diron ben. Xente de Aldán tamén morreu bastante

P.- Acórdase dalgún en especial? Dalgunha morte así violenta

LRB.- Non, violenta... violenta foron os 11 que mataron a gholpes. Non podían defenderse; iban atados, solo podían coas pernas. Iban atados, iban esposados. Se non van esposados, eles morrerían, claro, que terían que morrer, pero alghún había morrer tamén dos que os levaron, que eran, o máis novo tiña 18 anos e o máis vello tiña 45. Non foi no monte, foi en Angueiro, antes de chegar á Portela. Apareceron a pedazos de caras, coas boinas cheas de sangue... pero matáronos a culatazos. Matáronos coa culata do fusil. E despois cando tiraron con eles, pois (...)

0:07:24

P.- E que facían despois cos corpos?

LRB.- Os trueron no camión que os levaron; truéronos e metéronos na fábrica de Cervera, atáronos nas mesas onde cortaban o peixe, e colleron as planchas de ferro e meteron dous en cada plancha, outra plancha por encima e despois fondeáronos. Leváronos nunha

lanchita que tiña Cervera antes das 9 da mañán, e dende as catro hasta as nove fondeáronos alá no medio da mar.

P.- E como se supo que fixeron todo iso? Ninguén viu iso.

LRB.- Despois todo se supo... Donde os envolveron donde os tiraron. Pero claro... un barco non sei que estivo facendo aí trueron a flote... solo a catro deses 11. Pero os demais colleron e os levaron para mais lonxe.

LRB.- Apareceron solo ese meu primo, outro chaval que se chamaba Daniel...

P.- Seu primo Antonio, Daniel...

LRB.- Catro: o irmán desa coxa que lle cortaron o pelo – chamábase Ladislao Ferreiro Núñez -, (...) Blanco Rodal e este Javier (...) Graña, que é primo do tal Graña, o do Bobiño, e o outro que foi? Este o irmán de Joaquín Nores, de Ramonito, tiña 17 anos e era albañil... Ese non apareceu... Non me acordo cal foi o que apareceu; foi Daniel, foi o meu primo, foi Estanislao, e quen foi o outro? Xa non me acordo (...) Os Boreiros de San Pedro, Antonio Ferreiro Núñez e Estanislao Ferreiro Núñez, eran de... San Pedro. Despois había outros dous hermanos: Alejandro Martínez Pazó; estes eran de Cimadevila. E os outros eran de San Pedro. “Os Picouchos” eran de Cimadevila, estes Martínez Pazó. Eran canteiros, pobriños, eran chavales. Un tocaba na música de Cangas.

0:10:52

P.- Bueno, pois nada máis... usté acórdase de se se aprendían – antes da guerra - cancións da República; a Internacional ou algo diso?

LRB.- A internacional e acórdome... xa estaba na República e había; non sabes a casa de Anduriña? Era unha casa nova que fixeron de pedra, e alquilaron arriba pa unha cultural de chavales. E estaban aí. E aí un músico que se chamaban Tenreiro; era un señor que non aprendeu música de escola. Era un home que era un experto pa música. Iba polos campos, por Coiro, por aí - cando era un silencio - e oía os trinos dos páxaros. E daí facía as melodías dos cantares. Todos cantos coros ensaiou en Cangas, todos... era unha preciosidá!

P.- Como se chamaba el?

LRB.- De nome non me acordo... era Tenreiro de apelido. Era zapateiro, era de Ferrol. Ten netos e fillos, bisnetos, moitos. E despois foi maestro de música en Cangas antes de vir don Lucas, que era castellano (...) foi Carballo, o pai dos Carballos, outro cabrón. Un dos Carballos foi outro matador; un tío dese que ten a casa Carballo aí, o irmán da nai, matou en Asturias... ese mataba por ghusto: que había que ir matar un á cárcel? xa iba el; sen conocelos, sen miralos. Un falangista horroroso. Un chupador

P.- Cal era o seu nome?

LRB.- Manolo. Manuel Carballo... Daquela xa había as xuventudes comunistas; entonces ese señor era moito de izquierdas, porque unha huelga² que hubo en Cangas, que fixeran os

² En adelante huelga = folga



mariñeiros huelga, algúns dicían: “No, eu non quero ir á ghuelgha, eu quero ir a traballar”. E dicíanlle os do sindicato: “no, ti vas á huelga como todo o mundo. Porque ti es casado e tes un fillo; hai quen ten tres fillos e...”, “Ai, pois a min non me importa. Eu quero ir ó mar”. Entón chamábanlle esquirols. Entón tiveron unha reunión, e el como era sindicado sancionárono. No prenderon, pero sancionárono. Entón o pai – que xa non se levaba co fillo, porque ran moi distintos de pensar - mandoulle unha carta ó sindicato disculpándose, dicíndolle que el xa non tiña poder sobre o fillo, que era un home casado, que... con moitas boas palabras Era moi boa persona. Entón eu de cores bos, de el precioso... e comparsas. Os Pajes, os Nómínos, os Bateleros... eses inda os acordo eu.

P.- Eran comparsas? En que época?

LRB.- Comparsas si; antes da guerra, no 35, foi cando fixo o último orfeón. Un orfeón de mulleres e homes que era unha preciosidá; un coro gallego que fixo no ano 26 – que deses xa morreron todos - ; eran chavales que cantaban as cancións galegas preciosas: “Lonxe estou da miña Terra” que cando foron pa Buenos Aires e as levaron, todo o mundo era a chorar. E cando mandaron pedir as partituras, sabes quen tiña as partituras? Ese Ángel Fernández del Río, que era músico, e era un chaval cando fixo iso, e fixo as partituras do coro ese “lonxe estou da miña terra e canto mais lonxe máis me lembro dela”.

P.- Bueno, e algunha composición...

LRB.- E entón... había muita juventú³ alí; había os fillos que eran de ese tal que mataron - do Pitiscado que tiraron da dorna, que mataron a Corbacho e mais a el a gholpes - ; eses morreron todos en Buenos Aires. Estaban alí; e daquela prohibíanse as procesións, non querían os cristos nas escolas, todas esas cousas así (...) e ensaiaban aí. Hai un que di (canta):

*“El grito santo de paz es el clamor de España entera
No más luchar los hermanos, guerra a la guerra, fraternidad
Pueblo español siempre hidalgo y siempre noble y generoso
En además valeroso sucumbirás por la igualdad
Buenos los que traídoramente viven del pueblo humilde y pobre
La criminal langosta humana
Hay que aplacar cual plaga infame
Despierta pueblo adormecido por la miseria y el dolor
Que en el trabajo y la justicia ballarás tu liberación”*

Dispois hai outra:

“La democracia española es el alma popular naci...”

0:16:34 Remata abruptamente.

³ Mocidade, xente nova